

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA O IMPULSO DO ASOCIACIONISMO NO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados do funcionamento ordinario do Clúster de Turismo de Galicia .

Dita subvención buscará como finalidade establecer entre a **Axencia Turismo de Galicia** e o **Clúster de Turismo de Galicia unha serie de liñas de actuación** para a implantación dunha entidade que agrupe ao sector turístico de Galicia, que serían:

1. Apoio a unha estrutura de funcionamento que permita levar a cabo as tarefas mais técnicas e de xestión ordinaria dunha entidade destas características, mediante unha secretaría técnica.
2. Apoio ao sufragamentos dos custes operativos do CTG, tanto de infraestruturas, como as dedicacións dos seus membros as tarefas de impulso do sector turístico en Galicia.
3. Xuntanzas multisectoriais e grupos de traballo no seo da cadea de valor turística.





4. Accións de comunicación e sensibilización sobre a importancia do turismo como sector económico en Galicia.
5. Accións de colaboración en xeral coa administración autonómica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- A asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

Terceiro.- É de interese xeral para o desenvolvemento do sector turístico en Galicia o fomento da realidade asociativa das empresas e entidades que prestan servizos turísticos na nosa Comunidade Autónoma. Este asociacionismo debe estar agregado a nivel de cadea de valor, de xeito que se vaia camiñando cara unha ordenación do ámbito asociativo no eido turístico, diminuíndo a atomización actualmente existente. O fomento desta agrupación da realidade asociativa é merecedora dun impulso e un recoñecemento da súa labor, para a que é necesaria



unha mínima estrutura de funcionamento que permita acadar os fins comúns dos seus asociados, que redunda nunha mellor calidade turística en Galicia.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e continúe os resultados dos convenios asinados, entre ambas as dúas partes, o 25.08.2014 de carácter plurianual (2014-2016), e o 2.01.2017 para a anualidade 2017, para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

